

CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO SEGUNDO EJERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, NO CORPO DE XESTIÓN DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO A2.

En sesión que tivo lugar o 26 de outubro de 2023, o tribunal nomeado pola Resolución do 28 de abril de 2023 (DOG núm. 88, do 9 de maio) da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo, pola quenda de acceso libre, para o ingreso no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, convocado pola Resolución do 9 de xuño do 2022 (DOG núm. 116, do 17 de xuño) acordou de conformidade coa base II.1.2.10 da convocatoria, establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo.

CUESTIÓNS XERAIS ESTABLECIDAS NAS BASES DA CONVOCATORIA

As persoas aspirantes deberán desenvolver por escrito un (1) tema, que se elixirá entre dous (2), obtidos mediante sorteo polo tribunal de entre os que forman o contido da parte específica do programa que figura como anexo desta resolución.

O exercicio terá unha duración máxima de dúas (2) horas.

O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de vinte e cinco (25 puntos). Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar esta puntuación mínima.

O tribunal cualificará o exercicio valorando os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita.

DETERMINACIÓN DE SUPERACIÓN DA PROBA E NÚMERO DE APROBADOS

En cumprimento da potestade de determinación do criterio de superación do exercicio indicado, o Tribunal acordou:

1º O tema terá unha valoración máxima de 50 puntos. Para superar o exercicio será necesario obter un mínimo de 25 puntos.

2º Para a valoración dos exercicios, de acordo co artigo 60 das Instrucións de funcionamento dos tribunais, a cualificación de cada aspirante determinarase, logo do intercambio de opinións e valoracións por parte dos integrantes do tribunal, calculando as notas que correspondan a cada exercicio en función das cualificacións outorgadas por cada uno dos membros daquel, excluindo as notas máis alta e máis baixa, sendo a nota final do/a aspirante a media aritmética das notas válidas non excluídas.



3º Para cada un dos temas valoraranse os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade de expresión escrita, consonte o establecido na base II.1.1.2.

Con relación aos coñecementos valorarase que o material e fontes de información dos contidos dos temas estean actualizados de conformidade coa base II.1 da convocatoria e que a súa exposición se faga cunha redacción clara, ordenada e rigorosa. Valorarase tamén que o conxunto do exercicio estea equilibrado, completo e compensado no seu contido.

4º O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos. Superarán o segundo exercicio as persoas aspirantes que, logo da valoración segundo o indicado no apartado anterior, acaden unha cualificación final do exercicio igual ou superior a 25 puntos.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura electrónica.

Paula Oliete Trillo
Presidenta do Tribunal

